

ACTA

Nº 37 Ano 2013.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúñese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas E, no Edificio Administrativo de San Caetano sendo as 10,35 horas do día 20 de xuño de 2013, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	629-851-751
Francisco Fernández Castro	CSI-F	881-542-850
Mª Xose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez e Mª Carmen Fernández Couso, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Mugatra. CSIF presentou escrito con antelación, nomeando a Francisco Fernández Castro, coma substituto de Pablo Rama Remuiñán.

1.- Lectura e aprobación da última acta:

Queda aprobada a acta da sesión anterior, por unanimidade.

2.- Designación do novo Presidente.

Os representantes da Admón. presentan coma candidato para ocupar a Presidencia a Emilio de la Iglesia, que é electo seguidamente para dito cargo.

3.- Sinistralidade laboral no primeiro semestre deste ano. -

A Admón. presenta o informe cos datos dos accidentes laborais e enfermidades profesionais, que tiveron lugar no que vai de ano. UGT chama a atención sobre o incremento dos sobreesforzos, motivado pola sobrecarga de traballo do persoal dos centros de atención a persoas dependentes. CCOO salienta que os datos existentes, voltamos a senda positiva da diminución de accidentes laborais, que evidentemente deberá ser confirmada cando remate o ano. Tamen chama a atención sobre a concentración da sinistralide, o 85% do total dos accidentes, prodúcense en dúas consellerías, Traballo e Benester e Medio Rural e do Mar, polo que considera que habería que desglosar os sinistros por centros e distritos e debatilos nos correspondentes comités de seguridade. CSIF solicita unha avaliación específica, para os colectivos profesionais con maior sinistralidade.

Abrése un debate de seguido sobre o rexistro dos datos das enfermidades profesionais, concluíndo que a regulación existente prexudica o control destes datos, e polo tanto non facilita as actuacións ante este tipo de sinistralidade laboral.

Incorpórarse a xuntanza M^a Xose Crespo, sendo as 11,10 h.

4.- Debate sobre a integración dos Plans de Acción, dentro dos Plans de Avaliación de Riscos Laborais realizados.-

CCOO manifesta que solicitou a introducción deste punto na orde do día, co obxecto de mellorar a realización das medidas correctoras, detectadas no diferentes plans de avaliación e reitera que habería que artellar algún tipo de seguimento, que permitise saber a porcentaxe de medidas realizadas e a sua evolución. CIG fai constar que non todas as consellerías teñen a mesma transparencia, en relación a prevención de riscos laborais, polo que obter datos sobre se se fixeron ou non as medidas, é nalgúns casos traballo moi complicado. UGT expón que o levar adiante as medidas é o principal elemento para establecer se existe ou non a integración da prevención na Admón. Autonómica, é ata agora, con carácter xeral, dita integración non é unha realidade. A Admón. manifesta que o control e seguimento destas actuacións, ten que ser realizado nos diferentes comités de seguridade existentes, cando se reunen.

5. Presentación, coas achegas feitas, dos protocolos sobre coordinación de actividades empresariais e consulta e participación.-

A Admón. expón que trasladou a esta xuntanza ós borradores de ambos dous protocolos, figurando nos mesmos as achegas incorporadas das propostas presentadas polos sindicatos UGT e CCOO, así coma o total das mesmas, para o seu coñecemento. CSIF presenta diversas propostas para a modificación do protocolo sobre consulta e participación.

Abandona a xuntanza Francisco Fernández Castro, sendo as 11,50 h.

A Admón. manifesta que estudiará as propostas da CSIF e que convoca para o próximo día 11 de xullo as 10 h., unha xuntanza entre os representantes da parte sindical e o Presidente do Comité e o Xefe do Servizo de Prevención, para pechar definitivamente a negociación dos dous protocolos.

6.- Rogos e preguntas.-

CIG solicita que ás traballadoras embarazadas residentes en Lugo, non se lle fagan análises de sangue e outros, polo Servizo de Prevención alleo, dado que ditas mulleres están continuamente con controis, realizados polo Sergas, sobre a seu estado de saúde. O representante de Mugatra manifesta que o profesional, médico especialista en medicina do traballo, existente nesa cidade, considera que a valoración dos postos ocupados por traballadoras especialmente sensibles, precisa da realización destas análises, inda que persoalmente opina que podería facerse outra interpretación diferente, coma de feito faise no resto de localidades.

Levántase a sesión sendo as 12,30 h.

Vº Bº O PRESIDENTE




EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

Vº Bº O SECRETARIO



EDUARDO FREIRE POUZA



**ALEGACIÓNS CSI-F PARA INCLUSIÓN NA ACTA DO COMITÉ INTERCENTROS DE
SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA XUNTA DE GALICIA CODRRESPONDENTE AO
PIENO CELEBRADO O 20 DE XUÑO DE 2013**

Tras a xuntanza realizado o pasado 20 de xuño de 2013 e segundo o manifestado nesta, remítense o expresado por CSI-F nos puntos 3 e 5 para a súa inclusión na devandita acta:

3.- SINISTRALIDADE LABORAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO.

CSI-F agradece ao Servizo de Prevención que no informe de sinistralidade se sigan facilitando os datos desagregados por Consellerías e postos de traballo tal e como solicitou no seu día esta central sindical. Porén, e a vista destes datos facilitados, dende CSI-F entendemos que se debe desenvolver unha avaliación específica de riscos para determinados postos de traballo na Consellería de Traballo e Benestar (Aux.persoal de enfermería / camareira-limpiadora/ coidor/a CAP) e na Consellería de Medio Rural e do Mar (Persoal brigadas forestais/axentes forestais) pola súa elevada sinistralidade e coa finalidade de determinar se é preciso artellar e implementar novas medidas preventivas.

5.-PRESENTACIÓN, COAS ACHEGAS FEITAS, DOS PROTOCOLOS SOBRE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS E CONSULTA E PARTICIPACIÓN.

a) En canto ao referido á consulta e participación:

Dende CSI-F entendemos que non procede o establecemento e a publicación deste procedemento, e en consecuencia solicitamos a súa retirada, (motivo tamén polo que non facemos ningún tipo de achega a este documento) polos seguintes motivos:

1. Simplicidade e eficiencia normativa e/ou administrativa: O contido que se recolle neste procedemento é simplemente o que se prevé na propia lei e regulamentos en materia de PRL, polo que non aporta nada novo ao previsto na normativa vixente en materia de PRL. Dende CSI-F entendemos que a elaboración de protocolos e/ou procedementos deben servir para guiar a práctica diaria, e non ser un compendio e/ou resumo de contidos normativos.

2. Falla de concreción e de contidos na súa elaboración/configuración (a modo de exemplo):

- O protocolo que se presenta refírese a procedementos de consulta e participación, deixando á marxe os procedementos de información que prevé a propia lei, e en consecuencia, deixando excluído a participación directa dos traballadores/as.
- O seu ámbito de aplicación recóllese que o obxecto é establecer as regras de actuación dos órganos (**específicos**) de consulta e participación do persoal ao servizo da Administración Xeral.... sendo 1

Local Sindical San Caetano

Edif. Administrativo San Caetano

Tfno.: 981 54 59 89 – Fax: 981 95 72 73

E-mail: cslf.sancaetano@xunta.es

Local Sindical San Lázaro

Edif. Consellería de Sanidade (SERGAS)

Tfno.: 881 54 28 01 – Fax 881 54 86 88

E-mail: cslf.conselleria.sanidade@sergas.es



errónea tal afirmación, pois o seu ámbito de aplicación deberían ser os órganos de consulta e participación en materia de prevención de riscos,

- Falta incluir na definición así como na asignación de funcións, competencias e responsabilidades outros órganos e figuras de consulta e participación, dende o propio Consello da Xunta – como responsable máximo na elaboración das directrices xerais nesta materia- ata os propios comités de empresa, xuntas de persoal, delegados de persoal, servizo de prevención propio e alleo, así como as propias responsabilidades das xefaturas territoriais.

3. Problemas de axuste legal, coherencia, adecuación e oportunidade do contido:

- Tal e como prevé a lei, os delegados/as de prevención son elixidos non en función da súa representatividade e tampouco son designados polas centrais sindicais, senón por e entre os representantes dos traballadores/as a través dos órganos de representación (aspecto diferente é despois como se acorde polos referidos representantes a súa designación). Se ben é certo, que mediante convenio pódese establecer outras formas de designación, non existe tal circunstancia na Xunta de Galicia, motivo polo que o recollido neste procedemento non se axusta á legalidade .

- Establécese que a composición dos comités de seguridade e saúde deberá ser paritaria, pero ao mesmo tempo establécese que a súa composición configúrase coa porcentaxe de mulleres e homes do 60%-40% indistintamente. Entendemos que existe unha incongruencia pois a composición paritaria dun órganos significa que as diferentes partes dun órganos teñen igual número de representantes. En consecuencia, ou a súa composición é paritaria ou é porcentual (non ambas). Así mesmo, e mais importante que esta incongruencia, é a conveniencia ou oportunidade de establecer esta paridade na actualidade, pois implicaría o acometer unha nova designación de todos/as os delegados de prevención, senón se cumprise esta regra , cos problemas organizativos e funcionais que xeraría. Polo tanto, dende CSI-F entendemos que a inclusión desta nova regra debe retrasarse ata a aprobación do novo acordo de participación nesta materia.

- Así mesmo, recóllese neste procedemento propostas que entendemos que non se adecúan ao contido deste, tales como os aspectos que deben reflectir as actas do comité de seguridade e saúde, pois o relativo á confección das actas debería formar parte dos regulamentos internos de funcionamento dos comités, pero non dun procedemento de consulta e participación.

Por estes motivos, entre outros, solicitamos que se retire esta proposta.

b) En canto ao referido ao procedemento/protocolo de coordinación de actividades empresariais:

Dende CSI-F, con respecto a este procedemento e a diferencia do anterior, consideramos moi necesario a súa elaboración e configuración, pois é preciso guiar as actuacións en materia de PRL dos traballadores que prestan servizos noutros centros non dependentes da Xunta así como dos traballadores que non son da Xunta pero que prestan servizos nela.

Dende CSI-F solicitamos un prazo maior para presentar propostas a este protocolo, dada a importancia deste e a necesidade de perfilar axeitadamente e de forma o más práctica posible os diferentes procedementos para a coordinación de actividades empresariais, motivo polo que pedimos que se debata no vindeiro pleno do comité.